



Lapumín

ARQUIVO XERAL MUNICIPAL
CONCELLO DE BUEU



DATA 2025
CÓDIGO DE INSTALACIÓN 5648
NÚM. EXPEDIENTE 12

Bentaf

SAÚDA XUNTA DIRECTIVA



Como presidente, e en nome da Directiva da Asociación de Viticultores San Martín de Bueu comprácame invitar vos a este evento gastronómico e cultural, tan importante para a nosa parroquia e o noso concello como é a XIX Festa do Viño Tinta Femia de Cela!

Con forzas renovadas e moito entusiasmo esta directiva ponse á fronte deste evento co fin de apostar e dar valor á tradición e ao esforzo das veciñas e veciños de Cela que ano tras ano comprométese co coidado das vides.

Nesta edición contamos con nada menos que 10 colleiteiros. Gracias pola vosa labor e por darnos a oportunidade de degustar o voso esforzo a través deste líquido púrpura; un feito moi importante tras un ano no que non se puido levar a cabo a festa.

Este ano, temos que agradecer, especialmente, ao Concello por non deixar que as nosas raíces se perdan e que esta festa sobreviva malia as dificultades.

Tamén agradecemos a todos os colaboradores e colaboradoras que participan na confección deste libro.

E por suposto, gracias ás socias e socios desta Asociación por darnos alento e animarnos a non tirar a toalla e persistir na labor de seguir adiante con esta festa; e aos membros desta directiva que loitan e dedican unha boa cantidade de horas a prol de que isto saía a diante. Pero se no lo permitides, este ano máis que nunca, gustaríanos agradecer o esforzo de aquelas e aqueles que fixeron posible que hoxe esteamos aquí: agradecer ás nosas avoas e avós, as nosas nais e pais por transmitirnos o amor polo noso, pola uva que nos da nome; aos impulsores desta Festa, que no seu día tiveron que loitar para que fora posible; aos membros anteriores da directiva que perseveraron para que a festa non morrera e continuaron dándolle valor.

E gracias a todas e todos vós por vir e apoiar á Festa do Viño Tinta Femia, sen vós, este esforzo non tería sentido.

Gracias por vir e degustar parte das nosas raíces.

Saúde e ledicia para todos e que o viño corra polas nosas veas!